

A PRÓXIMA PEL

167

[Isaki Lacuesta e Isa Campo, 2016]

ESTREA EN NUMAX: 21.10.2016 | V.O.S.E. | +12

La propera pell (2016, 103')

Dirección: Isaki Lacuesta, Isa Campo

Guión: Isa Campo, Isaki Lacuesta, Fran Araújo

Reparto: Sergi López, Emma Suárez, Àlex Monner, Bruno Todeschini, Igor Szpakowski, Mikel Iglesias, Greta Fernández, David Arribas, Pablo Rosset, Guillem Jorba

Montaxe: Domi Parra

Dirección de arte: Roger Bellés

Vestuario: Laura Gasa, Olga Rodal

Son: Amanda Villavieja

Música: Gerard Gil

Fotografía: Diego Dussuel

Produtora: Bord Cadre Films, Corte y Confección de películas, La Termita Films (España)

Distribuidora: Betta Pictures

Formato de proxección: DCP 2K, 1.78:1

Idiomas orixinais: Catalán, castelán e francés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Murieron por encima de sus posibilidades, 2014

Los pasos dobles, 2011

La noche que no acaba, 2010

Los condenados, 2009

Las variaciones Marker, 2007 [curtametraxe]

La leyenda del tiempo, 2006

Cravan vs. Cravan, 2002

PREMIOS E FESTIVAIS

Málaga 2016 (premio especial do xurado, mellor actriz —Emma Suárez—, mellor dirección, mellor montaxe, premio do xurado mozo, premio da crítica), Sitges 2016 (sección oficial), Karlovy Vary 2016 (sección oficial)

SINOPSE

Un adolescente desaparecido regresa tras oito anos, cando todos o daban por morto, e incorpórase á vida familiar marcada polo misterio da súa desaparición. Pouco a pouco xurdirá a dúbida de se realmente se trata do neno desaparecido ou dun impostor.

«Cinema de autor ao servizo do mellor thriller. A combinación Isa Campo, Isaki Lacuesta e Fran Araújo suma un novo fito no cinema de impostores»

Andrea G. Bermejo, CINEMANÍA



A PRÓXIMA PEL

[Isaki Lacuesta e Isa Campo, 2016]

«Levamos toda a vida traballando xuntos»

Entrevista a Isaki Lacuesta e Isa Campo
Por Alfonso Rivera

Botastes toda a furia e a queixa co anterior filme e o corpo pedíavos agora mudar de ton?

ISAKI LACUESTA: Aquel foi o filme que puidemos facer mentres non podíamos rodar nada máis, gravouse nas fins de semana xuntándonos cos amigos. Eramos como os colegas que se reúnen para facer un castelo de escarvadentes e ao final é tan grande que a xente non o ve así, senón como unha casa moi fráxil e feble. Estabamos en paro, fíxose en plan cooperativa, investindo o diñeiro que conseguíamos.

Por que *A próxima pel* empeza cunha montaxe desordenada que xoga coa lóxica temporal para logo esquecer este recurso?

ISAKI LACUESTA: Mesturar o presente e o pasado permitía entrar na mentalidade dos personaxes e así o espectador tería que activar o cerebro doutro xeito: que esa fusión de tempos de todo o filme estivese explícito desde o principio. Esa montaxe xurdiu rodando, non estaba en guión. En rodaxe ocorréusenos e seguimos a filmar xa con esta idea.

Chama a atención a presenza dos animais e a caza, algo habitual no medio rural, por outra parte, onde transcorre a acción.

ISAKI LACUESTA: Parecíanos importante que fose nun pobo pequeno onde todos se coñezan e non hai opción de buscarlle unha dobre vida, como pasa na cidade. A caza ou os bois ao espectador urbano pódennlle sorprenden, mais alí, no Pirineo, é normal. É un filme que podíamos ter rodado no pobo de Isaki, Banyoles, aínda que é un pouco máis grande.

Es, Isaki, daquela, paisano de Albert Serra?

ISAKI LACUESTA: Si, ademais, fomos xuntos á gardería. O meu é o pobo onde está o lago e o negro de Banyoles, hai como moita lenda con este mundo do medio rural que quere ser urbano, cos máis punkis do mundo e moita xente de teatro. Un sitio peculiar.

O voso filme coincide tematicamente en parte con *El intercambio*, de Clint Eastwood, protagonizada por Angelina Jolie.

ISA CAMPO: Si, vimos todas as do xénero menos esa, mais coido que si coincide nesa necesidade da nai por recuperar ao seu fillo por riba de todo. / ISAKI LACUESTA Hai toda unha tradición de literatura e cinema sobre impostores: tamén un documental, titulado así, *O impostor*, que tivemos en conta como contra modelo: a Frédéric Bourdin, o protagonista real, atrapárono a última vez en Girona, a nosa provincia. Esa nova foi un dos detonantes do noso filme, mais ese documental estaba cheo de incongruencias, aínda que a historia era fascinante.

Como repartistes as tarefas no proceso creativo do filme?

ISA CAMPO: Levamos tanto tempo a traballar xuntos que case non temos que falar as cousas: sempre foi así e vains ben. De feito, temos unha historia escrita que arrastramos desde 2002: hai xa produtor, mais nunca está contento co guión. É un filme moi caro e grande e a ver se temos tempo de nos poñer a traballalo, mais é difícil decidir o seu ton. Pódese contar desde moitas ópticas e hai que atopar cal é axeitada.

Publicada en <http://cineuropa.org/>
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Murieron por encima de sus posibilidades, Isaki Lacuesta.
Versus [DVD]
Correspondencia(s).
Intermedio [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME